



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Conciliación. Esta boa práctica enfócase en facilitar a compatibilidade entre a vida persoal, familiar e laboral do persoal, promovendo medidas que lles permita equilibrar as súas responsabilidades.
	Entidade que a promove:
	Ignacio de las Cuevas S.A.
	Concello:
	San Cibrao das Viñas, Ourense.

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Ignacio de las Cuevas S.A. é unha empresa dedicada principalmente ao comercio de produtos de alimentación e bebidas. Esta empresa detecta a necesidade de mellorar a conciliación laboral e familiar, observando que a maioría dos dereitos de conciliación eran solicitados por mulleres, o que perturba unha distribución desigual das responsabilidades familiares. Ademais, certas áreas, como Loxística e Cash & Carry, onde predominan os homes, ofrecían menos flexibilidade para a conciliación. Este contexto subliña a importancia de deseñar e implementar medidas que permitisen a todos os empregados, independentemente do seu xénero, equilibrar mellora as súas vidas laborais e persoais.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

Neste contexto, a empresa introduciu unha serie de medidas para mellorar a conciliación, como a extensión do permiso de lactación acumulada ata 22 días e a ampliación da idade máxima do menor para a garda legal ata os 14 anos. Ademais, promoveuse a flexibilidade horaria e a mobilidade xeográfica en caso relacionados co coidado de menores ou persoas dependentes.

RESULTADOS OBTIDOS

Grazas a estas iniciativas, observouse un incremento na solicitude de permisos de conciliación por parte dos homes, o que contribuíu a unha distribución máis equitativa das responsabilidades familiares. Aínda que o cambio é progresivo, a implementación destas medidas mellorou a satisfacción laboral e reforzou o compromiso da empresa coa igualdade de xénero.